

Juan Mariné: Director de fotografía e restaurador cinematográfico, recentemente falecido. Recibiu un Goya de Honra en 2024. O seu bautismo nas rodaxes foi como axudante no *Enterro de Durruti*. Incorporouse ao SIE da CNT, onde traballou en documentais e todo tipo de producións. Tras a guerra, foi internado no campo de concentración franquista da Rinconada.

Félix de Pomés: O actor principal de *Aurora de esperanza*, foi primeiro futbolista (chegou a xogar co Barça e coa selección de Cataluña), despois esgrimista (participou nos xogos olímpicos de París e de Amsterdam), e acabou recalando no cine, onde tivo unha longa carreira, aínda que poucas veces en papeis protagonistas. Traballou en películas da CNT a pesar de que actuara coma testemuña no xuízo contra Ferrer i Guardia de 1910 e que se dicía que era falanxista.

Marlène Grey: A protagonista de *Carne de ferás*, que aparecía espida rodeada de leóns foi destacada pola ousadía das súas actuacións, autenticamente revolucionarias na España da época. Hai varias versións da súa morte: que morreu en Marsella ao ser atacada polos seus leóns, que foi fusilada ao intentar fuxir na Guerra Civil cun botín de xoias, e mesmo que se perdeu a súa pista actuando en burdeis e garitos de Alxer durante a II Guerra Mundial.

AURORA
DE
ESPERANZA

CINEFORUM AURORA



Ciclo Cine e movemento obreiro



O cine libertario: cando as películas fan historia

Ficha técnica:

Título orixinal: El cine libertario: Cuando las películas hacen historia

País, ano e duración: España, 2010, 56 minutos

Directores e guionistas: Verónica Vigil e José M.^a Almela

Fotografía: José M.^a Almela

Participantes: Juan Pablo Calero, Román Gubern, Alfonso del Amo, Juan Mariné e Emeterio Díaz.

Sinopse

O documental reconstrúe como, tras o estalido da guerra en xullo de 1936, os traballadores do cine en Madrid y Barcelona colectivizaron a industria a través dos seus sindicatos, asumindo os medios de produción, os estudos e mesmo as salas de proxección. Durante este breve intenso período, produciuse un legado excepcional de máis dun centenar de títulos que abarcaban desde dramas sociais e documentais bélicos e revolucionarios ata comedias musicais, demostrando que a industria do espectáculo podía continuar a pesar dos bombardeos e a fame.

Como se fixo a película:

Tras a guerra civil, a persecución e o exilio provocou que a maioría das películas quedasen no esquecemento e, directamente, desapareceran. Algunhas recuperáronse dos arquivos cenetistas de Amsterdam e outras desde coleccións privadas, aínda que faltan moitas por recobrar. Cabe destacar a recuperada en 1991 *Carne de feras*, insólita produción dirixida por Armand Guerra, que presentaba publicamente uns ousados espidos, *Aurora de esperanza* e *Barrios baixos*, descarnados dramas sociais ou o musical *Nós somos así!*, na que os protagonistas son nenos. Unha intensa busca está a conseguir a aparición dos celuloideos perdidos, que empezan a estar nas mans da Fimoteca Nacional.

Nomes propios

Sindicato da Industria do Espectáculo da CNT de Barcelona: Fíxose cargo da produción

cinematográfica en canto os traballadores do sector colectivizaron a industria, desde as produtoras, ata os laboratorios e as salas de proxección.

Verónica Vigil e José M.ª Almela: Directores e guionistas do documental. Esta parella xa é experimentada no documentalismo, xa que, ademais de *Cine libertario*, ten realizadas outros filmes de interese como *Que o meu nome non se borre da historia*, no que narra a represión e morte que padeceron as coñecidas como As Doce Rosas, *A batalla de Guadalaxara*, un episodio bélico da Guerra Civil, e outros centrados nesta contenda.

Juan Pablo Calero: É doutor en Historia e é autor de varias obras relacionadas coa historia libertaria: *Antoloxía do teatro anarquista*, *En el alba del anarquismo: Anselmo Lorenzo*, *Anarquistas e marxistas na Primeira Internacional*, entre outros libros.

Román Gubern: Doutor en Dereito, é un escritor e historiador dos medios de comunicación, en especial do cine e das bandas deseñadas. É autor de máis de corenta libros, entre os que se poden destacar *Historia do cine* (1969), *A linguaxe dos cómics* (1972) *Un cine para o cadalso. 40 anos de censura cinematográfica en España* (1975), *O cine español no exilio* (1976) e *O cine sonoro na II República, 1929-1936*, (1977). É un experto de recoñecida sona internacional.